



# PROGRAMACIÓN ANUAL DE INGLÉS

4º DE PRIMARIA

CURSO ACADÉMICO: 2021 /2022

DOCENTE: FÁTIMA NOVO TUÑAS

## ÍNDICE:

- 1.- Introducción e contextualización.....páx 2
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave.....páx 3
- 3.- Concreción dos obxectivos para o curso .....páx 8
- 4.- Concreción para cada estándar .....páx 11
  - Temporalización
  - Grao mínimo de consecución para superar a materia
  - Procedementos e instrumentos de avaliación
  - Competencias clave de cada estándar
- 5.- Concrecións metodolóxicas .....páx 23
- 6.- Materiais e recursos didácticos.....páx 25
- 7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....páx 26
- 8.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados..... páx 27
- 9.- Medidas de atención á diversidade.....páx 28
- 10.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora ..... páx 29
- 11.- Adaptacións necesarias para a docencia semi-presencial e non presencial .....páx 29

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Para a seguinte programación baseámonos no esquema indicado no artigo 13 na Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015).

Cando estamos ensinando unha nova lingua a nenos e nenas de Educación Primaria, os mestres e mestras de Lingua estranxeira, inglés, teñen que ter en conta varios factores, algúns directamente relacionados cos alumnos e alumnas e outros co contexto no que a súa proposta pedagóxica terá lugar como, contexto, materiais dispoñibles, espacio, leis e decretos que guiarán a súa aprendizaxe.

Comezaremos falando das directrices máis importantes a nivel europeo, que son:

Marco Común Europeo De Referencia Para As Linguas (MCERL): O Marco común europeo de referencia proporciona unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exámenes, manuais, etc., en toda Europa. O seu obxectivo principal é proporcionar un método para ensinar e avaliar a aprendizaxe das diferentes linguas e que poida ser aplicado en toda Europa.

O MCERL divide aos estudantes en tres grupos que poden ser divididos en seis niveis:

- A Básico
  - A1** Acceso
  - A2** Plataforma
- B Intermedio
  - B1** Umbral
  - B2** Avanzado
- C Avanzado
  - C1** Dominio operativo eficaz
  - C2** Maestría

O MCERL describe o que se supón que un aprendiz ten que ser capaz de facer nas diferentes destrezas: escoitar, falar, ler e escribir en cada nivel.

Outra das directrices europeas que tivemos en conta á hora de programar foi o Portfolio Europeo das Linguas.

Os que aprenden linguas poden rexistrar nel, de forma guiada e sistemática, a súa competencia lingüística, as acreditacións obtidas en materia de linguas e todas as experiencias lingüísticas e culturais significativas.

O Consello de Europa determina que o modelo conste de tres partes:

**Pasaporte de linguas:** Reflicte mediante as competencias descritas no cadro de autoavaliación o que o titular saber facer en distintas linguas. Tamén contén información sobre acreditacións: diplomas obtidos, cursos aos que asistiu e contactos relacionados con outras linguas e culturas.

**Biografía lingüística:** Aquí se describen as experiencias, os coñecementos lingüísticos e as habilidades do titular en cada unha das linguas e está deseñada para servir de guía ao usuario á hora de planificar e avaliar o seu progreso.

**Dossier lingüístico:** O usuario recolle nel unha mostra selectiva dos traballos persoais que ilustran as súas capacidades e coñecementos lingüísticos (certificacións, traballos escritos, producións orais, proxectos, etc.).

As directrices a nivel nacional e galego que se tiveron en conta son a **Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de Decembro**, que establece os requisitos para a ensinanza en Educación Primaria a nivel nacional, levada a cabo na comunidade galega a través do **Decreto 105/2014, do 4 de Setembro**, que se establece o currículo da educación primaria; e tamén o **Real Decreto 126/2014, do 28 de Febreiro**.

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A reforma educativa baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe entre os que se atopan as *competencias básicas*. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás competencias básicas que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Unha competencia é a capacidade de posta en práctica de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos, exemplo dunha formación integral do alumno.

Nunha competencia non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

4. Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

Cada unha delas aporta o seguinte á formación persoal e intelectual do alumno:

## COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Supón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Aprender a comunicarse é, en consecuencia, establecer lazos con outras persoas, achegarnos a outras culturas que adquiren sentido e provocan afecto despois de que se coñecen. O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese polo aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

En suma, esta competencia é fundamental para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeneral.

## COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

## COMPETENCIA DIXITAL

Esta competencia implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

É a habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos que van desde o acceso e selección da información ata o seu uso e transmisión en diferentes soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación.

## APRENDER A APRENDER

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse na aprendizaxe e, por outra, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, así como buscar respostas que satisfagan as esixencias do coñecemento racional.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma

de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se converten en obxecto do coñecemento e deberase aprender a executalos axeitadamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias fanos máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

## COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsable.

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

## SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio, levando adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a

opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e auto-avaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

## CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a todos os niveis.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.



### 3.- CONCRECIÓN DOS OXECTIVOS PARA CADA O CURSO

A definición de currículo que a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa recolle no seu artigo 6 é a seguinte: enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

a) Os **obxectivos** de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos ós logros que o alumno debe alcanzar ó finaliza-lo proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin.

b) As **competencias**, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, coa fin de logra-la realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

d) A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

e) Os **criterios de avaliación** do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ó que se pretende lograr coa materia.

f) Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis**: concrecións dos criterios de avaliación que permiten defini-los resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber e saber facer en cada materia. Deben permitir gradua-lo coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliáveis xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O *Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo* para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) **Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia**, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) **Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo**, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) **Adquirir habilidades** para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) **Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas** e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) **Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá**, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) **Adquirir** en, polo menos, **unha lingua estranxeira** a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) **Desenvolver as competencias matemáticas** básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) **Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza**, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) **Iniciarse na utilización**, para a aprendizaxe, **das tecnoloxías da información** e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) **Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas** e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- i) **Valorar a hixiene e a saúde**, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- k) **Valorar a hixiene e a saúde**, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) **Coñecer e valorar os animais** máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) **Desenvolver as súas capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) **Fomentar a educación viaria** e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) **Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia**, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

#### 4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

<b>CURSO</b>	PROGRAMACION 4 PRIMARIA 2019 2020		
<b>NIVEL</b>	4º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Primeira Lingua Estranxeira (PLE)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>							
PLE-B1.1	4º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios	Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Gravacións e análise.	CCL

	audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.					INSTRUMENTOS: Producións orais. Entrevista. Gravación e análise.	
PLE-B1.2	4º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.	Comprende e recoñece o vocabulario básico e sinxelo	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL
PLE-B1.2	4º-PLEB1.3 - Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	Identifica a información máis relevante nas interaccións orais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	CCL CAA
PLE-B1.3	4º-PLEB1.4 - Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.	Escoita atentamente sen interromper	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
PLE-B1.3	4º-PLEB1.5 - Interese e respecto polas	Mostra respecto e interese polas intervencións orais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación	CCL CSC

	intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.	alleas				sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
<b>Bloque 2: Producións de textos orais</b>							
PLE-B2.1	4º-PLEB2.1 - Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves traballadas previamente	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea.	CCL CSC
PLE-B2.2	4º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.	Mostra interese por preguntar e intenta responder para obter e dar información.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCL
PLE-B2.2	4º-PLEB2.3 - Amona unha actitude de escoita atenta.	Amona unha actitude de escoita atenta	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC

**PROGRAMACIÓN ANUAL DE 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP ADR CASTELAO - ORDES - CURSO 2020-2021

						INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
PLE-B2.3	4º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).	Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
PLE-B2.3	4º-PLEB2.5 - Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.	Manifesta interese e respecto polas aportacións dos seus compañeiros/as.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
PLE-B2.4	4º-PLEB2.8 - Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.	Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
PLE-B2.4	4º-PLEB2.9 - Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.	Gradualmente incrementa unha melloría e dominio dos aspectos fonéticos da lingua estranxeira na produción de textos orais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL
<b>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</b>							
PLE-B3.1	4º-PLEB3.1 -	Comprende frases simples	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CCL

PROGRAMACIÓN ANUAL DE 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP ADR CASTELAO - ORDES - CURSO 2020-2021

	Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.				Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase.	
PLE-B3.1	4º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.	Comprende frases simples escritas relacionadas cos temas previamente traballados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase.	CCL
PLE-B3.2	4º-PLEB3.3 - Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.	Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA
PLE-B3.2	4º-PLEB3.4 - Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses	Iniciase progresivamente no uso da comprensión lectora.		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSIEE
PLE-B3.2	4º-PLEB3.5 - Iniciase	Iniciase progresivamente no	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación	CCL CAA



	progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.	uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.				sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
PLE-B3.3	4º-PLEB3.6 - Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.	Reflexiona sobre os elementos que acompañan os textos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CSIEE
PLE-B3.3	4º-PLEB3.7 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA
PLE-B3.3	4º-PLEB3.8 - Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	Amosa interese por comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSIEE
<b>Bloque 4: Producción de textos escritos</b>							
PLE-B4.1	4º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma	Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas anteriormente.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.	CCL

	oral.					INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase.	
PLE-B4.1	4º-PLEB4.2 - Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.	Escribe conversas sinxelas e coherentes seguindo un modelo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Outras probas específicas.	CCL
PLE-B4.1	4º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).	Escribe textos sinxelos organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co ámbito interpersonal.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Outras probas específicas.	CCL
PLE-B4.2	4º-PLEB4.4 - Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).	Completa un formulario en liña co seus datos persoais. ( nome, idade, apelido, etc.)	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Exposición dun tema. Caderno de clase.	CCL
PLE-B4.2	4º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto	Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.	CCL

	ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar					INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase.	
PLE-B4.2	4º-PLEB4.6 - Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.	Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL
PLE-B4.3	4º-PLEB4.7 - Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.	Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CD CSC
PLE-B4.3	4º-PLEB4.8 - Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.	Utiliza gradualmente as Tic para a produción de textos		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Investigacións.	CCL CD
PLE-B4.8	4º-PLEB4.9 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de	Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.	CAA CSIEE

	liñas etc.					INSTRUMENTOS: Escala de observación. Caderno de Campo.	
PLE-B4.8	4º-PLEB4.10 - Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica	Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural</b>							
PLE-B5.1	4º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CAA CSC
PLE-B5.2	4º-PLEB5.2 - Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
PLE-B5.3	4º-PLEB5.3 - Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL CAA CSC

						INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
PLE-B5.4	4º-PLEB5.4 - .Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.	Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común.</p>	CCL CSC
PLE-B5.5	4º-PLEB5.5 - Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas	Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase.</p>	CCL
PLE-B5.6	4º-PLEB5.6 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ).	Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ).	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CSC
PLE-B5.7	4º-PLEB5.7 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.	Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CSC

**PROGRAMACIÓN ANUAL DE 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP ADR CASTELAO - ORDES - CURSO 2020-2021

PLE-B5.8	4º-PLEB5.8 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	Estrutura adecuadamente os elementos das oracións	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>	CCL
PLE-B5.9	4º-PLEB5.9 - Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información..	Diferenza preguntas e respostas moi simples	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL
PLE-B5.10	4º-PLEB5.10 - Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.	Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CCL CAA
PLE-B5.11	4º-PLEB5.10 - idem do estándar 4º-PLEB5.10 para o criterio PLE-B5.11		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea.</p>	idem do estándar 4º-PLEB5.10
PLE-B5.12	4º-PLEB5.12 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que melloran na súa aprendizaxe e	Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CCL CAA

	coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	lograr unha competencia integrada				INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
PLE-B5.13	4º-PLEB5.13 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Caderno de clase.</p>	CCL CAA

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O currículo de lingua estranxeira para a Educación Primaria promove un **ensino integrador** das linguas, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e da competencia intercultural e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, audiovisual e dixital..

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;** centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así a aprendizaxe significativa, o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;** por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e ata os efectos sonoros das gravacións.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;** por iso a programación perfílase como flexible, de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. A mestra iniciará o *input* da lingua, axudará ao individuo na interacción cos demais, avaliará o que fan os nenos/as, proporcionará *feedback*, contextualizará as actividades e dará significados comprensibles para o alumno/a, promovendo estratexias de comunicación, potenciando as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitirá o erro.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** Ofreceranse actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a continuación coa exploración do mundo que lles rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio ambiente e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada



unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo; o Coñecemento do Medio, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A metodoloxía empregada está centrada nas **catro destrezas (reading, writing, listening e speaking)**. Cada unidade contén unha sección dedicada especificamente ao seu desenvolvemento. Para traballalas empregárase:

## VOCABULARIO E GRAMÁTICA

A linguaxe nova preséntase en relación co tema de cada unidade. Aparece no libro do alumno mediante historias, diálogos, cancións, valores e outras materias do currículo.

## HISTORIAS

Cada unidade contén unha historia na que aparecen novas palabras nun contexto divertido e motivador. Estas historias permiten ademais a revisión cíclica de estruturas lingüísticas xa estudadas e proporcionan novas oportunidades para practicar o xa visto.

## CANCIÓNS (SONGS AND CHANTS)

En cada unidade hai unha ou máis cancións para que os nenos practiquen a linguaxe nova, vocabulario e novos sons. As melodías e o ritmo son esenciais para memorizar novas palabras. Ao cantar, os nenos son capaces de deixar atrás os seus medos e timidez para practicar a linguaxe de forma natural cos seus compañeiros ao mesmo tempo que se divirten. As cancións son, xa que logo, unha boa oportunidade para introducir movemento e alegría nas clases.

## A DRAMATIZACIÓN

O teatro apela á imaxinación dos nenos e é unha forma excelente de que se metan nas historias e melloren a súa habilidade comunicativa. En cada unidade representaránse as diferentes historias ou sketches, desta

forma, os nenos aprenderán a comunicarse e facerse entender e desenvolverán destrezas que permitirán que se expresen cunha maior fluidez en situacións reais cotiás ao practicar na clase cunha historia antes de vivir nun contexto real a mesma situación.

## CONTIDOS CULTURAIS

Préstase especial atención ao mundo real e a través de materiais como DVDs ou a internet explóranse situacións próximas aos intereses dos nenos e das nenas e á cultura dos países de fala inglesa.

## VALORES E CIDADANÍA

Os valores ou educación cívica son parte fundamental do traballo diario. É imprescindible centrarse nos nenos como persoas máis alá das súas habilidades lingüísticas e mellorar o seu comportamento e o desenvolvemento de boas actitudes; ademais de ensinalles de que xeito repercute o seu comportamento no seu entorno e en quen os rodea.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto utilizado é *Great Explorers 4* de Oxford University Press. O alumnado dispón do Class Book e dun Activity book con unha unidade introdutoria na que se presentan as personaxes que van acompañar ós alumnos ao longo do curso, seis unidades con oito leccións cada unha nas que se presentan os contidos chave, tres historias de ampliación, tres historias de repaso, dúas unidades sobre festividades e un CD con todas as cancións do curso. No activity book inclúense actividades por parellas, actividades características dun club de lectura, actividades de seguimento sobre as leccións intercurriculares, de fonética ou culturais; repaso da unidade e auto-avaliación.

- DVDs
- Flashcards
- Worksheets
- CDs de áudio
- Libro dixital
- Ordenador
- Canón
- Pantalla
- Altofalantes
- Web *Oxford Online Learning Zone* con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula
- Internet

## TEMPORALIZACIÓN

A presente programación comeza cun repaso dos contidos presentes no 3º trimestre do curso anterior coa finalidade de repasar, reforzar contidos e avaliar o punto de partida do alumnado. Posteriormente, iniciaremos co temario de 4º de primaria cunha unidade de inicio, starter unit, coa que se presenta ao alumnado os principais personaxes que aparecerán no transcurso do curso, ao mesmo tempo isto tamén serve para que reforzar os contidos de anos anteriores. A continuación, o temario desglósase en 6 unidades máis dúas de festividades.

A temporalización das unidades distribúese do seguinte xeito:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Revision 3 <sup>rd</sup> grade Starter unit Unit 1 Unit 2 Revision story: Space Explores 1 Christmas Unit	Unit 3 Unit 4 Revision story: Space Explorers 2 World Book Day	Unit 5 Unit 6 Revision story: Space Explorers 3

Trátase dunha temporalización adaptable para adaptarse ao perfil do grupo-clase pois pode ser utilizada de xeito simultáneo con alumnos/as que presenten dificultades na aprendizaxe de idiomas, así como con aqueles que posúan coñecementos un pouco máis avanzados. A programación queda suxeita a evolución pandémica dentro da nosa Comunidade Autónoma.

## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O currículo propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, tomaranse en consideración todas as *produccións* para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión en la expresión e auto-avaliación entre outros. No caso da avaliación **sumativa** faranse as probas escritas e orais trimestrais. En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que puidan adaptarse a flexibilidade que esixe a propia avaliación.

Para avaliar a consecución dos obxectivos empregáranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Observación directa do traballo diario do alumnado (se remata as tarefas propostas, se as trae feitas na data establecida, orde e limpeza nos cadernos, nos libros de actividades, etc.) , así como das súas participacións nas actividades propostas na aula.

Intercambios orais: preguntas sinxelas, diálogos, debates,...

- Actividades específicas relacionadas cos obxectivos das competencias. En concreto, exames orais e escritos de cada unha das unidades.

- Observación directa da actitude e comportamento no desenvolvemento das sesións da área de lingua inglesa.

- Auto-avaliación: inclúense actividades nas que os alumnos e alumnas poidan avaliar o seu propio traballo e proceso de aprendizaxe. A nota final de cada avaliación distribuirase do seguinte xeito:

- A avaliación sumativa, é dicir, a media das diferentes probas que se lle pasarán ao alumnado ao longo de cada trimestre.

- Os **exames escritos** contarán un **50%** da nota final. Para facer media co resto das notas, o alumno debe adquirir como mínimo un 3 na media dos exames escritos, de non ser así, a avaliación quedaría suspensa.

- Un **20%** será a nota obtida polo **contróis de listening, probas orais**, que avaliarán as destrezas da capacidade de escoitar e entender unha mensaxe en inglés.

- Un **20%** será o resultado do seguimento sistemático do alumno, o traballo diario (**exposicións orais, actividades de clase, ...**) e o uso da lingua inglesa para a comunicación na aula de inglés, que se recollerá no caderno da mestra.

- No **10%** restante inclúese o resultado da **observación da actitude** ante a aprendizaxe, o comportamento na aula e o cumprimento das normas da mesma, que tamén se reflectirá no caderno da mestra.

O currículo tamén establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares de aprendizaxe avaliábeis** por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Con respecto á avaliación por **competencias**, dado que estes son moi xenéricos, concéntranse moito máis, co fin de que nos sirvan como referencia para a acción educativa e para demostrar a competencia do alumno, e é o que chamamos de **indicador**

## 8.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIALE MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Coa intención de saber cales son os coñecementos iniciais do alumnado do novo curso así como o grado de lingua estranxeira faránse actividades onde se traballarán temas básicos da etapa de educación primaria. Terase en conta a necesidade dos alumnos.

de lingua estranxeira faránse actividades onde se traballarán temas básicos da etapa de educación primaria. Terase en conta a necesidade dos alumnos.

## 9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previos de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións ante o ensino.

En moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levar a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente se deberá atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa a partir das actividades expostas.

As adaptacións centrásense en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.
6. Enriquecemento curricular.
7. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

## 10.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

	DESTACAR	MELLORAR	PROPOSTAS
Desenvolvemento da aula na programación			
Relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe			
Adecuación dos anteriores ás necesidades reais.			
Aprendizaxes acadadas polos alumnos			
Medidas de atención á diversidade			
Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais			
Coordinación entre profesorado			

## 11.- ADAPTACIÓNES NECESARIAS PARA A DOCENCIA SEMI-PRESENCIAL E NON PRESENCIAL

A continuación detallase o procedemento que se empregará no suposto da docencia non presencial e semi-presencial

1. Metodoloxía e actividades	
<b>Actividades</b>	As actividades propostas no caso de que a docencia sexa non presencial e semi-presencial serán practicamente as mesmas. No suposto das clases semi-presenciais, os contidos explicados e traballados serán iguais e procuraremos, desta forma, establecer un ritmo sincronizado para que, desta forma, os grupos ou subgrupos non queden descompensados. Contodo, nas sesións que sexan presenciais incidirase nas actividades orais e de rutina.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Debido a fenda dixital, adaptaremos a dinámica de traballo, que presenta en todo caso unha mesma liña de actuación, tendo en conta o alumnado con conectividade e aquel sen conectividade.  <u>SUPOSTO A: Alumnado con conectividade</u>  Utilización da aplicación blinklearning, facilitada pola editorial Oxford, onde o alumnado dispón do libro de texto dixital e así pode acceder aos audios do libro e da aula virtual. Blinklearning, tamén nos serve como canle de comunicación entre docente, alumnos e familias.  Realización de actividades online para repasar vocabulario, gramática e rutinas

	<p>habituais. Xogos online de carácter lúdico. Cancións e chants que reforzan o vocabulario de cada tema visto no 1º e 2º trimestre. Fichas complementarias ao libro de texto.</p> <p><u>SUPOSTO B: Alumnado sen conectividade</u></p> <p>O alumnado dispón do libro de texto nas súas casas e limítanse a facer as actividades no libro de texto e exercicios. Durante o confinamento do curso pasado, ese alumnado recibiu axuda por outras entidades como é o caso da Cruz Vermella, que se encargaban de asesorar as familias e mediar co profesorado para que as actividades fosen recibidas e reenviadas. Este alumnado non dispoñía de medios para imprimir e solo algúns deles accedían a cancións e xogos mediante o uso do móbil, pero de forma limitada. O profesorado tamén colaborou en todo momento para que esas diferenzas se suavizarán. Para paliar un pouco as diferenzas entre os alumnos que non poden acceder a blinklearning, púxose a disposición das familias unha carpeta cos audios do libro nunha carpeta compartida en Google Drive. A priori, no caso dun posible confinamento, procuraríamos proceder da mesma forma co alumnado que non dispoñía de recursos dixitais. Esa hipóteses queda relegada as posibles implementacións dentro do sector educativo.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p><u>Materiais e recursos: páxinas web e libro de texto</u></p> <p><a href="https://learnenglishkids.britishcouncil.org">https://learnenglishkids.britishcouncil.org</a>  <a href="https://www.youtube.com">https://www.youtube.com</a>  <a href="https://www.liveworksheets.com">https://www.liveworksheets.com</a>  <a href="https://www.blinklearning.com">https://www.blinklearning.com</a>  <a href="https://www.englishexercises.org">https://www.englishexercises.org</a>  <a href="https://www.gamestolearnenglish.com">https://www.gamestolearnenglish.com</a>  <a href="https://www.education.com/game/what-time-game/">https://www.education.com/game/what-time-game/</a></p>

## 2. Avaliación e cualificación

<p><b>Avaliación</b></p>	<p>Procedementos:</p> <p>Enviaríase ao alumnado as actividades de reforzo e ampliación, utilizando distintos canles de comunicación, posto que existen dificultades para acceder ao contido e posteriormente, e daríase un prazo flexible para a entrega das tarefas propostas. As familias serían informadas en todo momento do desenvolvemento dos seus fillos no transcurso do confinamento.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Observación sistemática de traballo: diario de clase Análises de produción: Fichas e tarefas do libro de texto. Cuestionarios tipo test ou para completar.</p>
--------------------------	--

<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final obteríase da seguinte forma:</p> <p>Por unha banda, tendo en conta a execución das tarefas enviadas durante o período de confinamento e realización de xeito satisfactorio nas condicións e termos esixidos, evidenciando un grande interese e esforzo pola súa parte. O aprobado se alcanzará, sempre e cando o alumno supere os mínimos esixidos.</p> <p><b>DOCENCIA NON PRESENCIAL E SEMI-PRESENCIAL</b></p> <p>Actividades: 50%</p> <p>As actividades propostas terán unha data de entrega e o alumnado debe comprometerse de enviar os exercicios na data fixada polo docente. No caso de que a realización e envío das mesmas sexan fóra do prazo de entrega, non se puntuarán positivamente. Terase en conta casos concretos para unha flexibilización desta norma. As actividades deben estar ordenadas e cun aspecto pulcro.</p> <p>Contidos: 40%</p> <p>Os contidos serán avaliados en fichas, traballos e /ou tests online.</p> <p>Participación: 10%</p> <p>O alumnado debe demostrar a súa intencionalidade na súa participación a hora de levar a cabo as tarefas propostas polo mestre, procurando en todo momento dar o mellor de si.</p>
<b>Alumnado de materia pendente ou con algún tipo de necesidade específica</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Tomaríamos en conta os criterios expostos anteriormente.</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>No caso de que as fichas e tarefas enviadas fosen realizadas de forma satisfactoria, mostrando en todo o momento afán de participación e superación, teríase en conta a hora de subir a nota do alumno.</p> <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os procedementos de avaliación serán os mesmo utilizados que o resto do alumnado mencionado anteriormente.</p>